




SERRA DA BARBANZA


Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2017



Distancia: 15 km (lineal, do Iroite á Curotiña)

Dificultade: baixa


Duración: variable



A serra da Barbanza esténdese ao longo da península á que lle da nome entre as rías de Arousa e Muros e Noia. É un lugar de enorme valor histórico e paisaxístico no que podemos gozar de incríbles panorámicas sobre as dúas rías, un grande número de monumentos megalíticos e numerosos detalles etnográficos e paisaxísticos.

A liña de montes que se ven desde os arredores acolle unha ampla chaira, explotada como zona de cría de gando en liberdade, maiormente cabalos e vacas; na que a choiva deposita grandes cantidades de auga que se encora en lagoas e turbeiras das que escoan, cara a unha e outra banda, numerosos ríos e regatos que ao desprenderse polos fortes desniveis rochosos forman, case todos, abundantes pozas e fermosas fervezas.

Penedo Redondo



Para acceder aos cumes hai varios camiños vellos e pistas de terra pero tamén podemos facelo en coche, por estradas asfaltadas, desde o cruceiro de Moldes na Pobra do Caramiñal, pola parte oeste, a onde podemos chegar desde Palmeira, Ribeira ou Porto do Son, desde onde se sube á Curotiña, punto paisaxístico de interese do Estado, ao miradoiro dos Forcados e ao curro da Curota onde remata o asfalto; ou, polo leste, por Boiro, pola estrada de Boiro a Noia por Runs a Balteiro e a Graña, ou por Moimenta, seguindo a indicación da E. V. A. 10, que nos achega ata o Iroite, por esta banda a estrada asfaltada remata ao pé da Graña unha localidade que se asenta na chaira da altura.

A travesía da serra, do Iroite á Curotiña, é duns 15 km, máis desvíos, dos que sete son asfaltados, catro por pistas dos parques eólicos, de terra pero aptas para todo tipo de vehículos, e os outros catro, os que hai entre a Graña e o parque eólico, tamén por pista de terra pero con algúns puntos estragados só aconsellable para vehículos todoterreo ou bicicleta de montaña. Con todo é un traxecto sen grandes desniveis, que pasa preto de todos os cumes destacados e desde o que, a cada pouco, iremos descubrindo elementos e paisaxes que nos farán máis levadeiro e agradable o camiño. Se facemos o percorrido a pé podemos desviarnos das pistas para seguir en parte a ruta das mámoas e completala con curtos desvíos, e se o facemos en coche tamén pasamos ao pé de varios monumentos que teremos máis doado atopar e recoñecer levando un plano do lugar onde estean sinalizados.



Chans da Graña co iroite ao fondo.

A parte alta da serra é unha chaira por enriba dos 500 m da que sobresaen os cumes que superan por pouco os 600 m.



Alto do Barazal



Cumes da serra co Iroite ao fondo



Vista desde o Iroite



Alto da Torre



Restos dun abrigo na Pedra da Xesta




Os Forcados e A Curota



Chozo da Pousada



Miradoiro da Curotiña



Curro da Curota no Chan das Brañas



Brañas de Prado e nacementos do río Barbanza



Vistas desde A Curota:
Cabo da Cruz e A Pobra
do Caramiñal



Vista da Ría de Arousa desde os cumes da serra



O Enxa e a ría de Muros e Noia desde O Barazal

RUTA DAS MÁMOAS

Por toda a serra existen numerosas necrópoles megalíticas do Neolítico (entre 4.500 e 2.800 a.C.). Unha ruta indicada permite percorrer unha zona con trinta mámoas, algunhas escavadas. Para facer a ruta das mámoas imos atopar algúns atrancos porque faltan varios indicadores e outros atópanse no medio do mato porque o carreiro, se o houbo, foi borrado ao medrar o toxo, pero sempre hai un camiño que nos leva preto do obxectivo e algún carreiro do gando para acadalo.



Arca da Barbanza



O Armadoiro



Casota do Páramo, no lugar de A Graña. Nunha das pedras ten gravado un petróglifo.



Pedra da Xesta



A Cavada



Mámoa do Outeiriño do Pan